



BIBLIOTECA

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO



Día das Letras Galegas 2014





Xosé María Díaz Castro naceu na parroquia de Os Vilares, en Guitiriz (Lugo), o 19 de febreiro de 2014, no seo dunha familia labrega.

Ós 15 anos ingresou no Seminario de Mondoñedo. Dez anos despois, na Guerra Civil, serviu no bando franquista dentro do Corpo de Sanidade Militar como practicante.

Co remate da guerra, retorna ó Seminario, mais axiña o deixa para estudar o Bacharelato e, logo, Filosofía e Letras na Universidade de Salamanca, especializándose en linguas modernas.

Máis adiante exercerá a docencia das Linguas Clásicas e tamén traballará no *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC), e tamén no *Instituto de Cultura Hispánica*, desenvolvendo un amplo labor de traducción de varias linguas. Animado nos seus inicios por Aquilino Iglesia Alvariño, e durante toda a súa vida, cultivou a composición poética en galego, que foi dando a luz de xeito espallado en diversas publicacións periódicas.



DÍAZ CASTRO

Nimbos



O único poemario extenso que publicou foi *Nimbos*, editado por Galaxia en 1961.

A súa temática céntrase na preocupación pola condición humana, en relación coa vida, o paso do tempo e a morte, moitas veces desde unha perspectiva marcadamente relixiosa.

Tras cumprir unha vida tranquila e retirada, afastada maiormente das relacións sociais, morreu en Lugo o 2 de outubro de 1990

COMA UNHA ESPADA

**Tódolos ríos pasan pola miña
alma, cheos de Deus, música e lapas.
Tódalas pombas fan o meu amor.
A beleza feriume para sempre.**

**Ó traveso da escura teadaraña
desde mundo unha estrela cai no río
Da miña vida e quédame chamando.
A beleza feriume para sempre.**



**En cada vez eu oio unha chamada
cun longo eco de adeus que non entendo,
Pro que me fire coma espada ardendo.
A beleza feriume para sempre.**

**E as falopas dos anos van caendo
sobre a sede inmortal e os ollos tristes,
¡pro non enterran a boca da ferida!
A beleza feriume para sempre.**

